

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*RESOLUCIÓN do 20 de maio de 2013 pola que se aproba o modelo de solicitude para a inscrición dos certificados de eficiencia enerxética dos edificios existentes no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia.*

No *Boletín Oficial del Estado* do 13 de abril de 2013 publicouse o Real decreto 235/2013, do 15 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética dos edificios. O real decreto establece, na súa disposición transitoria terceira, que o órgano competente de cada comunidade autónoma en materia de certificación enerxética habilitará o rexistro de certificacións no seu ámbito territorial, co fin de dar cumprimento ás exixencias de información que establece a Directiva 2010/31/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 2010.

A redacción desta disposición establece a necesidade de habilitar o rexistro de certificacións enerxéticas de edificios no momento da entrada en vigor da propia norma. Tendo en conta que o citado real decreto entrou en vigor o día seguinte ao da súa publicación, que como se sinala no primeiro parágrafo, foi o 13 de abril de 2013, isto obriga a habilitar o rexistro para poder inscribir os certificados de edificios existentes coa maior brevidade posible.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia, mediante o Decreto 42/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a certificación enerxética de edificios de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia, creou no seu artigo 17 o Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia e adscribiuno á dirección xeral competente en materia de enerxía.

Sobre a base do anterior, co obxecto de cumprir co establecido no Real decreto 235/2013, do 15 de abril, e en uso das competencias atribuídas a esta consellería en materia de enerxía,

#### DISPOÑO:

A presente resolución ten por obxecto aprobar o procedemento para a inscrición dos certificados de eficiencia enerxética dos edificios existentes no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia.

O/a propietario/a de todo edificio existente incluído no ámbito de aplicación do Real decreto 235/2013, do 15 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética dos edificios deberá presentar a solicitude de inscrición do certificado de eficiencia enerxética segundo o disposto no devandito real decreto.



As solicitudes de inscrición dos certificados de eficiencia enerxética para edificios existentes realizaranse de acordo co modelo que se aproba no anexo da presente resolución e achegarán a seguinte documentación:

– Certificado e etiqueta de eficiencia enerxética segundo os documentos recoñecidos para a certificación de eficiencia enerxética do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e adscrito á Secretaría de Estado da Enerxía.

– Arquivos de cálculo do programa escollido para a obtención da cualificación enerxética do edificio, así como os planos que fosen cargados para o cálculo da cualificación. No caso de presentación presencial, CD ou DVD cos devanditos arquivos.

– Xustificante do pagamento da taxa 31.50.00 «Inscricións no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia».

As solicitudes de inscrición dos certificados de eficiencia enerxética deberán ser dirixidas ao director xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria. En ningún caso o feito de que un certificado de eficiencia enerxética se rexistre supoñerá a aprobación ou pronunciamento favorable sobre a idoneidade técnica deste, segundo a normativa vixente.

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e no 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2013

Ángel Bernardo Tahoces  
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

ANEXO

PROCEDEMENTO <b>INSCRIPCIÓN DO CERTIFICADO DE EDIFICIOS EXISTENTES NO REGISTRO DE CERTIFICADOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DE EDIFICIOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IN413D</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL  NIF

TIPO  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

C.P.  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

C.P.  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS DO EDIFICIO OU VIVENDA**

IDENTIFICACIÓN OU TIPOLOXÍA DO EDIFICIO

TIPO  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

C.P.  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

REFERENCIA CATASTRAL DA PARCELA, EDIFICIO OU VIVENDA

O solicitante presta o seu consentimento para a notificación para os efectos segundo o artigo 59.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

POR CORREO ELECTRÓNICO
  POR CORREO ORDINARIO

**DATOS TÉCNICOS**

NORMATIVA VIXENTE COA QUE SE CONSTRUIU/REHABILITOU

CONSUMO DE ENERXÍA (kWh/m<sup>2</sup> ano)  LETRA DA CUALIFICACIÓN

EMISIÓN (kg CO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup>/ano)  LETRA DA CUALIFICACIÓN

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

Certificado e etiqueta de eficiencia enerxética do edificio segundo o especificado na resolución.

Arquivos ou CD/DVD segundo o especificado na resolución.

Xustificante de pagamento de taxas.

CVE-DOG: yqldlxr1-avg0-hxi1-b0h2-m6cxi2oaupk6



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>


Esta solicitude ten por obxecto iniciar o procedemento de inscrición no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no artigo 5.6 do Real decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.
- Resolución do 20 de maio de 2013 pola que se aproba o modelo de solicitude para a inscrición dos certificados de eficiencia enerxética dos edificios existentes no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas

